

Descrición códigos de formación específica:
640: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).
523: diploma de directivo.

ANEXO II

NOTA: úsese o publicado na páxina 17.370.

SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Corrección de erros.-Resolución do 10 de outubro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se fai público o acordo do tribunal da categoría de odontólogo de atención primaria, relativo á resolución definitiva da primeira fase de provisión do proceso extraordinario de consolidación de emprego deste servizo.

Advertido erro por omisión no texto da dita Resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 201, do 19 de outubro de 2005, cómpre efectuar as oportunas correccións:

Na páxina 16.953 habería que engadir no punto terceiro outra praza na área de Lugo:

Área de Lugo

Cód.	Centro	Municipio	Quenda	Nº de prazas
85	C.S. Viveiro	Viveiro	Mañá	1

Resolución do 11 de outubro de 2005, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, pola que se anuncia convocatoria para a vinculación temporal, mediante nomeamento de servizo determinado, dun facultativo especialista de área en psiquiatría.

A Xerencia Xeral do Complexo Universitario de Santiago de Compostela, en virtude do establecido na Orde do 3 de febreiro de 2005, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, resolve proceder ao anuncio da convocatoria para a vinculación temporal, mediante nomeamento de servizo determinado, dun facultativo especialista de área en psiquiatría.

A mencionada convocatoria estará exposta nos taboleiros de anuncios do complexo hospitalario.

As solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do complexo hospitalario no prazo de quince días naturais contados desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2005.

Javier Jiménez Ferreres
Xerente xeral do Complexo Hospitalario
Universitario de Santiago de Compostela

Resolución do 19 de outubro de 2005, da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se procede a darlles publicidade ás listaxes provisionais de aspirantes admitidos e excluídos en diversas categorías estatutarias de xestión e servizos no Servizo Galego de Saúde.

De conformidade coas atribucións conferidas polo Decreto 14/2005, do 3 de febreiro (DOG número 25, do 7 de febreiro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 3 de febreiro de 2005 (DOG número 26, do 8 de febreiro) sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, esta división

RESOLVE:

Primeiro.-Darlles publicidade ás listaxes provisionais, de acordo co establecido na norma xeral 6.1.2. do Pacto sobre selección temporal (DOG número 104, do 1 de xuño de 2004), unha vez rematado o proceso de baremación de méritos dos aspirantes inscritos nas categorías correspondentes á convocatoria de selección temporal formalizada por resolución da División de Recursos Humanos do Sergas do 8 de novembro de 2004 (DOG número 223, do 16 de novembro) que se relacionan de seguido:

Listaxes de ámbito autonómico:

- * Grupo técnico da función administrativa.
- * Persoal técnico superior.
- * Enxeñeiro superior.
- * Grupo de xestión da función administrativa.
- * Técnico de xestión de sistemas e tecnoloxías da información.
- * Técnico especialista de sistemas e tecnoloxías da información.

Listaxes das áreas da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Burela, Monforte de Lemos, Ourense, O Barco de Valdeorras, Pontevedra-norte (Pontevedra) e Pontevedra-sur (Vigo).

* Cociñeiro.

Listaxes das áreas da Coruña, Ferrol e Santiago.

- * Lavandeiro.
- * Pasador de ferro.
- * Limpador.

Segundo.-Por resolución da correspondente dirección provincial procederase á publicación das listaxes provisionais derivadas da dita convocatoria nas cales se inclúe a relación dos aspirantes admitidos coa súa puntuación e a orde de prelación resultante desta, así como a relación dos aspirantes excluídos, con indicación da causa de exclusión.

Terceiro.-As listaxes provisionais estarán expostas nos taboleiros de anuncios das direccións provinciais do Sergas e dos centros asistenciais dependentes

delas, así como na páxina web do Sergas (www.sergas.es).

Cuarto.-Os interesados poderán formular reclamacións contra a resolución de publicación das listaxes provisionais perante a dirección provincial correspondente no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2005.

Antonio Fernández Paniagua
Director xeral da División de Recursos Humanos
e Desenvolvemento Profesional

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resolución do 17 de outubro de 2005 pola que se nomea o tribunal cualificador das probas selectivas convocadas por Resolución do 19 de maio de 2005 para cubrir 23 prazas de auxiliar técnico informático, do grupo IV.1, 11 para promoción interna e 12 para acceso libre, vacantes no seu cadro de persoal laboral.

Por Resolución do 19 de maio de 2005, (DOG do 9 de xuño), convócanse probas selectivas para cubrir 23 prazas de auxiliar técnico informático, do grupo IV.1, 11 para promoción interna e 12 para acceso libre. No DOG do 13 de xuño de 2005 publícase resolución reitoral pola que se corríxen erros advertidos na Resolución do 19 de maio.

De conformidade co previsto no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e co fin de lle dar solución ao disposto no punto 5.1 da Resolución do 19 de maio de 2005 pola que se convocan prazas de auxiliar técnico informático da USC, resolvo nomear o seguinte tribunal cualificador:

Tribunal titular.

Presidente:

-José Manuel Velo García, persoal laboral do grupo I da USC.

Vogais:

-Rubén González Bermúdez, persoal laboral do grupo III, en representación da USC.

-Amalia Díaz Sánchez, funcionaria de carreira da escala administrativa en representación da USC.

-Ezequiel Vázquez Fernández, persoal laboral do grupo III, en representación do comité de empresa de Santiago.

-José Antonio Iglesias Sanjuás, persoal laboral do grupo IV1, presidente do comité de empresa de Lugo, en representación deste comité.

Secretario:

-Manuel Boquete Botana, funcionario de carreira da escala administrativa da USC, que actuará con voz pero sen voto.

Tribunal suplente.

Presidente:

-Javier Franco Tubío, director da Área de Tecnoloxías da Información e da Comunicación da USC.

Vogais:

-José Manuel Salgueiro Otero, persoal laboral do grupo III, en representación da USC.

-M^a Obdulia Lareo Currás, funcionaria de carreira da escala administrativa, en representación da USC.

-Fernando Taberero Duque, persoal laboral do grupo I, en representación do comité de empresa de Santiago.

-Carmen Xove Ferreiro, persoal laboral do grupo III, secretaria do comité de empresa de Lugo, en representación deste comité.

Secretario:

-Antonio Espada Arias, funcionario de carreira da escala administrativa da USC, que actuará con voz pero sen voto.

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2005.

P.D. (Resolución 13-10-2005)

Cástor Méndez Paz

Vicerreitor de Organización Académica
e Profesorado

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 28 de setembro de 2005 pola que se convoca concurso de acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades (en diante LOU) e no Real decreto 774/2002, do 26 de xullo, polo que se regula o sistema de habilitación nacional para o acceso a corpos de funcionarios docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso respectivos (en diante RDH), e en virtude do establecido nos estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 421/2003, do 13 de novembro (BOE do 14 de xaneiro de 2004) da Xunta de Galicia.

Esta reitoría resolveu convocar a concurso a praza que figura no anexo I desta resolución, con suxeición ás seguintes

Bases da convocatoria

1. Normas xerais.

Este concurso rexerese pola LOU, o RDH, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os estatutos da Universidade de Vigo